

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Indique cal das seguintes faltas disciplinarias ten a consideración de moi grave, de conformidade co artigo 72 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:**

- A) O incumprimento da obriga de atender os servizos esenciais establecidos no caso de folga.
- B) A exixencia de calquera tipo de compensación polos servizos prestados aos usuarios dos servizos de saúde.
- C) O descoido no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

**2. De conformidade co artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a composición dos tribunais de selección para a provisión de prazas de persoal fixo na Administración pública galega será paritaria:**

- A) En cada convocatoria.
- B) En cada categoría que se convoque.
- C) No conxunto da oferta de emprego público.
- D) A normativa citada non contén ningunha previsión sobre a composición paritaria dos órganos de selección.

**3. De conformidade co artigo 7 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, os servizos sanitarios adecuarán a súa organización e funcionamento aos principios de:**

- A) Eficacia.
- B) Celeridade.
- C) Flexibilidade.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**4. Sinale a afirmación correcta, segundo o disposto no artigo 15 do Estatuto de Autonomía para Galicia:**

- A) O Presidente da Xunta será nomeado polo Presidente do Parlamento de Galicia.
- B) Para ser elixido Presidente da Xunta, o candidato deberá obter, en primeira votación, maioría de dous terzos.
- C) O Presidente da Xunta é politicamente responsable ante o Parlamento.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

**5. O réxime de protección dos datos de carácter persoal establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro NON é de aplicación:**

- A) Aos ficheiros mantidos por persoas físicas no exercicio de actividades exclusivamente persoais ou domésticas.
- B) Aos ficheiros sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas.
- C) Aos ficheiros establecidos para a investigación do terrorismo e de formas graves de delincuencia organizada. Non obstante, nestes supostos o responsable do ficheiro comunicará previamente a existencia do mesmo, as súas características xerais e a súa finalidade á Axencia de Protección de Datos.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**6. Síñale a afirmación correcta:**

- A) Todos os españois teñen o deber de usar e coñecer o castelán como lingua oficial do Estado.
- B) O rexistro dun domicilio só pode realizarse con consentimento do titular ou resolución xudicial, agás no caso de flagrante delito.
- C) O exercicio do dereito de reunión pacífica e sen armas necesita autorización previa.
- D) A Administración civil pode impoñer sancións que subsidiariamente impliquen privación de liberdade.

**7. De conformidade co artigo 73 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique cal das seguintes sancións supón a perda da condición de persoal estatutario:**

- A) Apercibimento.
- B) Suspensión de funcións.
- C) Separación do servizo.
- D) As respostas B) e C) son correctas.

**8. Cal dos seguintes dereitos se regula no artigo 28 da Constitución Española:**

- A) O dereito de sindicación.
- B) O dereito á folga.
- C) O dereito á propiedade privada e á herencia.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

**9. Segundo o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, o órgano unipersoal especificamente responsable do desenvolvemento da xestión clínica e da xestión por procesos integrados dunha estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, é:**

- A) A Dirección Médica.
- B) A Dirección de Procesos Asistenciais.
- C) A Dirección Operativa.
- D) A Comisión de Dirección.

**10. Segundo o artigo 21 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, o sistema de selección consistente na celebración dunha ou máis probas de carácter eliminatorio dirixidas a avaliar a competencia, aptitude e idoneidade dos aspirantes para o desempeño das correspondentes funcións, denomínase:**

- A) Oposición.
- B) Concurso.
- C) Concurso–oposición.
- D) Avaliación colexiada.

Preguntas de reserva

**1. Segundo o artigo 17 do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Xunta cesa:**

- A) Logo da celebración de eleccións ao Parlamento galego.
- B) Por perda da confianza parlamentaria.
- C) Polo falecemento do seu Presidente.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**2. O artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece que as actuacións das Administracións Públicas Sanitarias están orientadas a:**

- A) A promoción da saúde.
- B) Promover as accións necesarias para a reinserción social do paciente.
- C) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

